

Accésit do VIII Concurso literario *Mazarelos* (2022)

Marco Bravo Rodríguez

# Poesía a marteladas





# POESÍA A MARTELADAS

*Marco Bravo Rodríguez*


A Sairino

*O intelectual é un tipo con úlceras, caspa e lentes de aumento*

Groucho MARX

## PRÓLOGO

### MANUAL DE INSTRUCCIÓN PARA LER ESTE LIBRO

1. Peche o libro
  2. Busque un libro de poesía  
ou ben  
vaia a Internet e busque “poesía”
  3. Se chegou até aquí  
é porque saltou o primeiro paso  
Por favor, regrese arriba
- 

# I. A MARTELADAS

## PARA SER UN ESCRITOR EN GALICIA

*Grazas á literatura, a súa vida absurda e miserable cobrará sentido  
como por arte de maxia.*

Colla un bolígrafo

Colla un papel

Escriba o que queira

(da forma máis críptica, pedante e incoherente que poida)

Preséntese ao certame de Castromareira de Abaixo

Asegúrese de que é amigo dos membros do xurado

(De non ser posible, non se preocupe. Será o único que se presente)

Gañe o certame

Reciba subvencións públicas

Presente o libro

Asegúrese de que á presentación non asistan máis de dez persoas

Afiliase á Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega

Chúpelles a pirola a todos os seus membros

Siga publicando libros



Non se relacione con mortais insensibles á literatura

Non se esqueza de ser narcisista

Asegúrese de que o inclúan nos libros de texto de Lingua galega

(Non se asuste. É ben fácil entrar aí)

Intente que o nome en Fillo Predilecto da súa vila

Exa será vostede un escritor galego infinitamente orixinal e dunha calidade abraiante, aínda que incomprendido polo vulgo.

*(BONUS TRACK: Métase en política e sexa nacionalista. Sendo reintegracionista tamén poderá acadar máis rapidamente o seu obxectivo de gañar un lugar no Olimpo dos autores universais.)*

**PALABRAS CLAVE para incluír nos seus escritos:**

- Nembargantes
- Nalgures
- Eiquí
- Obrigado
- Aqueloutrado
- Galiza
- Acotío
- Conquerir
- Castelao
- Verba
- Ficar
- Senlleiro
- Dizer
- Galiza (nunca está de máis repetila)
- ~~Espanha~~–Estado español / opressom (deben ir sempre xuntas)

## DOUS EXEMPLOS

Exemplo n.º1:

Nos enxebres montes da nosa naçom  
choran e sofren muitos pinheiros.  
Nom puideron ter pior maldiçom:  
castelã escoitaron dums *meseteiros*.


Exemplo n.º2:

A opressom espanhola na nosa terra  
será soterrada em baijo do souto  
ao igual que os nosos devançeiros  
soterrados baijo a opressom da Castela

Hoje eu fico lutador  
xunta os heroes suevos faleceu a liberdade  
no camposanto espera a ser espertada  
do seu eterno sono só quedarám lembranças  
mentres o povo galego se ergue

Amanha eu ficarei ceive  
Coa Galiza liberada!

(Vale,  
recoñézoos  
estes poemas non os escribíneu  
pero  
verdade que coou?)



(Imaxe orixinal: Wikipedia)

## ISTO NON É UN POEMA

Adiós ríos, adiós fontes  
adiós, regatos pequenos;  
adiós, vista dos meus ollos,  
non sei cando nos veremos.

Miña terra, miña terra,  
terra donde m'eucriei,  
hortiña que quero tanto,  
velutinas que matei.

Prados, ríos, arboredas,  
pinares que move o vento,  
paxariños piadores,  
casiña d'o meu contento.

Muiño dos castañares,  
noites craras do luar,  
campaniñas timbradoiras  
da igrexiña do lugar.

Amoriñas das silveiras  
que eu lle daba ó meu amor,  
camiñiños antre o millo,  
¡adiós para sempre adiós!

¡Adiós, gloria! ¡Adiós, contento!  
¡Deixo a casa onde nacín,

deixo a aldea que conoso,  
por un mundo que non vin!

Deixo amigos por extraños,  
deixo a veiga polo mar;  
deixo, en fin, canto ben quero...  
¡quén puidera non deixar!

Adiós, adiós, que me vou,  
herbiñas do camposanto,  
donde meu pai se enterrou,  
herbiñas que biquei tanto,  
terriña que nos criou.

Xa se oien lonxe, moi lonxe,  
as campanas do pomar;  
para min, ¡ai!, coitadiño,  
nunca máis han de tocar.

¡Adiós tamén, queridiña...  
Adiós por sempre quizáis!...  
Dígoche este adiós chorando  
desde a beiriña do mar.

Non me olvides, queridiña,  
si morro de soidás...  
tantas légoas mar adentro...  
¡Miña casiña!, ¡meu lar!



NEO – NEOTROBADORISMO

*A Antón Reixa*

Antes eras meu amigo

pero agora

    Porel culo te la hincó

    Porel culo te la hincó

NEO – NEO – NEOTROBADORISMO

Antes eras meu amado

pero agora

    Porel culo te la empato


    Porel culo te la empato

**ARRENEGAMOS**  
**DA LINGUA**  
**GALEGA**

*(Visto en Galicia, século XXI)*

A VIDA DE BRIOGAN

*Aos Monty Python*



MANUSCRITO INÉDITO DE EDUARDO PONDAL

We sleep in our garden  
for the sleep here on grass  
for the age of experience is now nearly done  
We'll not be quiet for this land that we own  
With our hand and our feet we will make holes, we know  
We'll build so before you on the high plain  
in your garden we die and we sing  
we're the children of Iphigenia and we'll fight it out here  
and the youngest before anyone of my kind  
for the land is ours and we'll not let it go  
of the ones that we stand on here and on there

## MÉNDEZ FERRÍN É UN IMPOSTOR

As súas obras foron escritas por Alexandre Magno

hai moito tempo

creo que antes de Cristo

aínda que non estou demasiado seguro

Ferrín nin sequera é un ser humano

é un cyborg soviético creado pola KGB

Orixinalmente chamábase Dmitri

se falades con el notaredes o seu lixeiro acentoruso

dos Urais

Todos vós vivides enganados

e hai probas que o corroboran

Non creades o que ledes

porque eu teño razón

e vós non

## NEOFALANTES

Muito obrigado por lerdas estas verbas na nossa língua proletaria.

# Volo digo

 de verdade...

(Perdón. Aúñ estoy a empezar a hablar así.

Me cuesta un poquito. Bueno, va.

Voy seguir...)

## NEO – NEOFALANTES

Quousque tandem abutere, Catilina, patientia nostra?

Quam diu etiam furor iste tuus nos eludet?

Quem ad finem sese effrenata iactabit audacia?

## NEO – NEO – NEOFALANTES

á bac le mac an bhacaigh es ní bhacfaidh mac an bhacaigh leat.  
pedwar ar bymtheg a phedwar ugain.

NEO – NEO – NEO – NEOFALANTES

To rēgs ʔest.Ta reksest.To rēgs (é)est. So-qe ŋŋʔtósʔest,Ša-ki  
ankantásest,So-qe ŋ gŋ tós(é)est, súχnum-qe wļ nexťsúhnun-ki  
walnétsúnun-qe (é)wļnét so ghutérmpřkskétso kutéranparskétso  
ghutérŋ(é)přskét

NEO – NEO – NEO – NEO – NEOFALANTES

Unga

unga

unga

# Crónica medieval sobre a relevancia histórica do Reino de Galicia:

, :

;

, ,

,

:

.

,

,

:

,

,

,

,

.

,

,

.



*Unha persoa humilde*

*nunca dirá que o é*

*Unha persoa sabia*

*nunca dirá que o é*

*Unha persoa boa*

*nunca dirá que o é*

*E un escritor?*

Non tiña tixeras tesoiras para un poema dadaísta, así que vai o periódico-xornal completo:

**INFORMACIONES**  
 En este 18 de julio  
 La palabra del CAUDILLO  
 nos da la guía y norma del Estado  
 "El trabajo es jerarquía y es honor"  
**EL PAN Y LA JUSTICIA** | **SOMOS CAPACES** de grandes empresas | **CRITICA** de la democracia  
 "El sol de España brillará para todos los españoles"

En la mañana de hoy día...  
 En la tarde de hoy día...  
 En la noche de hoy día...

El Caudillo en uno de los momentos del discurso que pronunció ante las tribunas en Villaverde.

El jefe del Estado, después de haber leído la moción del discurso de esta mañana pronunciada por el Caudillo, se levantó y dijo: "El sol de España brillará para todos los españoles".

El Caudillo en uno de los momentos del discurso que pronunció ante las tribunas en Villaverde.

El jefe del Estado, después de haber leído la moción del discurso de esta mañana pronunciada por el Caudillo, se levantó y dijo: "El sol de España brillará para todos los españoles".

# O CARTAFOL DE WINDOWS

*A Manuel Antonio*

O usuario perdeu os ficheiros  
do seu cartafol

-Eses que os chSSŭŷmᵇNğ7\$")\*+,2??  
>0@@.....  
.....

Windows

An error has occurred. To continue:

Press Enter to return to Windows, or

Press CTRL+ALT+DEL to restart your computer. If you do this,  
you will lose any unsaved information in all open applications.

Error: 0E : 016F : BFF9B3D4

Press any key to continue \_

**a pregunta**

que farías

se puideses viaxar ao pasado?

**a resposta**

dicirlle ao primeiro galego que pisou a terra

que volvese á auga

## Cantar de xesta galego<sup>o</sup>



“A xesta  
o demo entesta”

## II. (UN PEQUEÑO INCISO)

Só para recordarche algo moi importante:

# ALGÚN DÍA VAS MORRER

e ese día pode ser hoxe

Imaxíno

E por que non hoxe?

Sempre pensas que iso queda moi afastado

Sempre pensas que iso é cousa de vellos

Mesmo

Sempre pensas que non vas morrer

que quen o vai facer vai ser o ti do futuro

como se fose unha persoa diferente

Pero

algún día vas morrer

e sábelo

e quizais ese día sexa hoxe

e se non é hoxe

pode ser mañá

Teño dezasete anos

pero penso na morte todos os días

E ti tamén deberías

Imaxíno

por cada día que pasa, tes máis posibilidades de morrer

como se morrer fose unha lotaría

como se te puideses librar de morrer

Podes morrer hoxe

na ducha, nas escaleiras, no coche, na rúa

na cama

Si, na cama tamén se morre

porque a morte non descansa

E podes morrer

dun infarto, dun ictus, dunha morte súbita, dun accidente

dunha lenta agonía

todo é posible

todo é posible neste **gran** teatro que é o teatro da vida

Pero hai algo peor á morte propia

a morte dun ser querido

Imaxíno



Non

Mellor non o imaxines

simplemente sé consciente

porque ás veces a imaxinación engánanos

Así e todo

podería dicirche que disfrutes da vida, que aproveites o momento

pero non o vou facer

porque ao mellor agora non queres disfrutar

e non me vou opoñer a ese desexo

ademais

xa estarás canso de oílo

*Carpe diem*

*carpe diem*

*carpe diem...*

incluso nos soños estarás canso de oílo

así que fai o que queiras

E agora podes continuar

podes seguir lendo este libro

podes facer algo *útil*

incluso

podes suicidarte

(aínda que non cho recomendo)

pero ten sempre en conta este pequeno inconveniente

que VAS MORRER

É importante lembrar isto nos momentos máis distendidos

máis triviais

máis simpáticos

cando a morte se agocha

cando menos o esperas

cando cres que es

inmortal E desculpa

non quería asustarte

só quería recordarche algo moi importante

(só foi un pequeno **inciso**)

### III. XARDÍN ZEN

cinco HAIKUS<sup>1</sup> sobre unha imaxe mariñeira

Bebe Neptuno:

éxtase de pureza

coa luz final

---

1 Para os reintegratas, “XÁICOS”

Opaillebote

ollando o verdoso

omnipresente

A augachora  
e verte claras bágoas  
de escuma branca

Tanafastado  
o arrecendo etéreo  
tan achegado...

Mar do solpor  
fluído milagreiro  
e sulfuroso

*(Vertido de augas fecais, depuradora de Rianxo. Imaxe do “La Voz de Galicia”)*















*(a beleza do silencio)*

Para non dicir nada de proveito  
é mellor calar a boca

Hai quen di que isto é gastar papel.

En parte é certo.

Así tamén aproveito para poder desfacernos canto

[antes dos ARCOLITOS en Galicia




## Cantos ARCOLITOS morrerían

para que pudiesen ser publicados todos os libros de poesía galega  
que existen no universo?

*Requiescat in pace in æternum*

a todos os **ARCOLITOS** de Galicia



## UNHA IMAXE VALE MÁIS QUE MIL VERSOS



outros cinco HAIKUS  
sobre unha imaxe de paisaxismo franciscanista  
(edición bilingüe)

*A Noriega Varela*

É primavera  
oasis de frescura  
na alborada

古池や  
蛙飛び込む  
水の音

Co son do frío  
bubelas e caléndulas  
bailan un valse

春の海  
ひねもすのたり  
のたりかな

Neva miúdo  
e as foler pas dos nimbos  
bican o ar

瘦蛙  
負けるな一茶  
是にあり

Agarimando  
a herba transparente  
coapel de xeo

菜の花や

月は東に

日は西に



A Nai natura  
levaunhaxoiabranca  
e de metal

閑けさや  
岩にしみいる  
蝉の声

*(Conxelador tirado no monte, aldeade Abuín, Rianxo.  
Imaxe do "La Voz de Galicia")*



Xa estou até as orellas de escribir  
tres versos de cinco, sete e cinco sílabas  
Por que un haiku ten que ser así?

## INVENTEMOS OS NEOHAIKUS EXPERIMENTAIS!

por exemplo:

.....

.....

.....

*(Formigas samurai)*

ou este:

O

*(Amencerna illade Shikoku)*

IV. PARERGA  
UND  
PARALIPOMENA

(O que en galego se traduciría por  
POESÍA DE REFUGALLO)

# POESÍA FONÉTICA

## A PONTE SOBRE O RÍO KWAI

Fi fu

fo fe fe fiiiiiii fiiiiiii feeeeeeeeee

Fi fu

fo fe fo fiiiiiii fiiiiiii fuuuuuuuu

Fi fo

fo fe fe fi fo

fo fe fo fu fe

Fo fu fe

Fe fo000000000000000000

# POESÍA COMBATIVA

*A Ramón Cabanillas*

Piu, piu, piu

RRRRRRRRRATATATATATATATA

**BOOM, CRASH**

*PPPPPPAAAWWWW*

*WWWWWW*

**BOOM**

*CRASH*

**BUMMMMMM**

**FIU FIU FFFFFFFFIIU**

**BOOM**

# POESÍA LGTBIQ+

*A Juan Manuel de Prada*

Antes eras meu amigo

pero agora

Por el culo te la hinco

Por el culo te la hinco

Antes eras meu amado

pero agora

Por el culo te la empato

Por el culo te la empato

# POESÍA PORNOGRÁFICA

*Afrei Luis de León*

*Ala sombratendido*

MMMMMM

AHHHHH

DI COUSAS SUCIAS, CARIÑO

OH OH UHHHHHH

OH

SIISIIII

AAAAAHHHHH

MMMMM

OHHHHHHH

OHHHHHHHHHHH

OOOOOOHHHHHHHHHH

AAAAAAAHHHHHHH

*del plectro sabiamente meneado*

## POESÍA PARA INFORMÁTICOS

LOREM IPSUM dolor sit amet,  
consectetur adipiscing elit,  
sed do eiusmod tempor incididunt ut labore et dolore magna  
[aliqua.

Ut enim ad minim veniam, quis nostrud exercitation ullamco  
[laboris nisi ut aliquip  
ex ea commodo consequat.

Duis aute irure dolor in reprehenderit  
in voluptate velit esse cillum dolore eu  
fugiat  
nulla pariatur.

Excepteur sint occaecat cupidatat non proident,  
sunt in culpa qui officia deserunt mollit

anim id  
est laborum.



## CIBERPOESÍA SONORA

A última tendencia no mundo da literatura

*(Prema sobre a ligazón para acceder ao poema)*

<https://www.youtube.com/watch?v=DRE1fwnfaiA>

<https://www.youtube.com/watch?v=bsUYqF32EdU>

<https://www.youtube.com/watch?v=MA5GN8rMfVM>

[https://www.youtube.com/watch?v=7E9CZQ3\\_iBQ](https://www.youtube.com/watch?v=7E9CZQ3_iBQ)

<https://www.youtube.com/watch?v=aTSKld-Wuxg>

[https://www.youtube.com/watch?v=k8R9-AtX\\_vA](https://www.youtube.com/watch?v=k8R9-AtX_vA)

<https://www.youtube.com/watch?v=UCnL-3GiDro>


<https://www.youtube.com/watch?v=I1QhM8cVMIo>

<https://www.youtube.com/watch?v=M1UKU4jh0ok>

# POESÍA MUSICAL

## OBLERO DE RAVEL

(PARA QUE ESQUEZAS TODA A BAZOFIA QUE ACABAS DE LER)



# LISTA DE IDEAS PARA MÁIS POEMAS

- ~~Ningunha~~
- Citar outros autores

## EPÍLOGO

EU:

Que vos pareceu este libro?

CRÍTICO LITERARIO 1:

Trátase de poesía que se pode enmarcar dentro da corrente  
[experimental

o seu ritmo é ás veces cadencioso; outras, intenso

pero sempre singular

e aberto a infinitas interpretacións simbólicas

en definitiva: unha xenialidade

CRÍTICO LITERARIO 2:

Destacaría a súa impresionante forza lírica

combinada con diversos soportes interartísticos

e un gran compromiso social agochado

unha obra mestra que non pasará desapercibida

CRÍTICO LITERARIO 3:

O enfoque xeral do poemario é sublime  
é, sobre todo, un libro sorpresivo  
que fascina e provoca un estado de gozo case divino  
tremendamente orixinal e vangardista  
mágoa que a sociedade non estea preparada para entendela  
tardarei anos en ler algo mellor

AMIGO ALEATORIO:

É unha merda espichada nun pau  
Nunca lera nada tan malo na miña puta vida

EU:

Uf

~~Gracias~~ Grazas, AMIGO ALEATORIO

xa quedo máis tranquilo

## AGORA TÓCALLE A VOSTEDE

Si,  
prezado amigo,  
este libriño chegou ao seu fin.

Quixen seguir ao pé da letra un vello proverbio chinés:  
o malo, se é breve, dúas veces bo.

Creo que conseguín o meu propósito.

Para rematar,  
se despois de ler este libro  
quedou con ganas de ser un poeta elevado  
pero considera que non ten a creatividade necesaria,  
non se preocupe!

Propóñolle un xogo: a  
partir destas palabras  
(extraídas ao chou dun algoritmo de Google)  
deberá compoñer un poema.

O único requisito é que inclúa todas as palabras,  
así que deixe voar a súa imaxinación.

O resultado final será equiparable a calquera poema  
[contemporáneo dun autor consagrado.

Mansá obra!

altiplano, divorciado, separador, cigarro, tableiro,  
mortal, vendar, Roma, mulleres, pasta, aspiradora,  
estrangular, protexer, pataca, coleccións, canal.

THIS IS THE END

*Beautifulfriend*